

# PROXECTO LECTOR DE CENTRO

EQUIPO DE BIBLIOTECA  
CEIP MARQUESA DE PAZO DA MERCÉ  
CURSO 2020 - 2021

# ÍNDICE

<b>1. XUSTIFICACIÓN.....</b>	<b>2</b>
<b>2. ANÁLISE DA SITUACIÓN PREVIA. ....</b>	<b>3</b>
2.1. ANÁLISE DO NIVEL LECTOR DE CENTRO. ....	3
2.2. ANÁLISE DO USO DA BIBLIOTECA E DAS SÚAS PRÁCTICAS LECTORAS. 3	
2.3. RECURSOS.....	3
2.3.1. Espaciais.....	3
2.3.2. Materiais.....	4
2.3.3. Persoais. ....	4
2.3.4. Temporais.....	4
2.4. FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO. ....	4
<b>3. OBXECTIVOS. ....</b>	<b>4</b>
3.1. XERAIS.....	4
3.2. ESPECÍFICOS PARA EP. ....	5
3.3. ESPECÍFICOS PARA EI.....	6
<b>4. ACTUACIÓNS A REALIZAR.....</b>	<b>6</b>
4.1. EN RELACIÓN Á ACTUALIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR. ....	6
4.2. ACTIVIDADES.....	6
<b>5. AVALIACIÓN.....</b>	<b>7</b>
<b>6. REFERENCIAS LEXISLATIVAS. ....</b>	<b>8</b>

## 1. XUSTIFICACIÓN

O principal obxectivo do Proxecto Lector de Centro (PLC) é motivar ao alumnado a que visite a biblioteca e faga uso dos seus recursos, os cales sexan compatibles coa diversidade actual, favorecendo a inclusión. Dende o pasado curso, reorganizamos os recursos e actualizamos a biblioteca con novos espazos, como o creativo, e novos libros. Agora ben, ese só foi o comezo para poder chegar a ser un “centro creativo de aprendizaxes” onde non só se favorece o fomento pola lectura, senón que tamén o desenvolvemento da creatividade, a integración das tecnoloxías da comunicación, o desenvolvemento das competencias clave, da innovación metodolóxica, etc.

A nosa biblioteca busca funcionar como punto de encontro da comunidade educativa, onde alumnado, docentes e familias accedan a recursos variados que lles axuden a desenvolver as distintas capacidades que favorezan o seu enriquecemento persoal e académico.

En relación a este documento, sinalar o especificado no artigo 18 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Nel concreta que o Proxecto Lector de Centro (PLC) debe integrar “actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave”.

Da mesma forma, ter en conta o establecido na orde do Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares, a cal sinala no artigo 16.3. que o PLC “articulará todas as intervencións que o centro vai levar a cabo en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas”.

Así pois, para poder conseguir o dito ata agora, neste documento vanse enfiar numerosas accións que favorezan a adquisición desas finalidades. Para iso téñense en conta diversos aspectos como o contexto no que nos atopamos, a comunidade educativa, as necesidades presentes no centro, o currículo de educación infantil e primaria, a innovación metodolóxica, a formación permanente do profesorado, a incorporación de materiais en diferentes soportes, a propia biblioteca en si e as súas seccións e a actualización da biblioteca escolar.

## 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN PREVIA.

### 2.1. ANÁLISE DO NIVEL LECTOR DE CENTRO.

O **nivel de competencia lectora** no noso centro é moi variado. Por unha parte, contamos cunha parte do alumnado que ten as competencias lingüísticas adquiridas, pero por outra existe unha ampla porcentaxe do alumnado que presenta problemas de comprensión lectora e expresión escrita.

### 2.2. ANÁLISE DO USO DA BIBLIOTECA E DAS SÚAS PRÁCTICAS LECTORAS.

En relación ao **uso da biblioteca**, ata agora o alumnado usaba a diario este espazo, tanto nos recreos, coma nas súas sesións co/a titor/a. Agora ben, neste curso, a causa da situación epidemiolóxica, cada grupo-clase terá asignado un recreo ao día para poder visitala.

Referente ás **prácticas lectoras**, ata a actualidade houbo unha mochila viaxeira por aula e unha caixa dos contos; realizouse a hora de ler diaria; funcionou o servizo de préstamo para EP e EI; cada grupo de alumnado tivo dúas sesións semanais para acceder á biblioteca co/a seu/súa titor/a; lecturas trimestrais complementadas da visita dos/as escritores/as; entre outras. De aquí en diante, facilitaráselle a caixa dos contos para que seleccionen mensualmente libros e os leven emprestados para a súa aula, terán servizo de préstamo nos recreos, disporán da sesión diaria da Hora de ler, buscarase realizar encontros virtuais con escritores/as, etc.

### 2.3. RECURSOS.

#### 2.3.1. Espaciais.

A biblioteca escolar goza dun espazo algo reducido, de aí que se pretenda establecer unha biblioteca distribuída con novas seccións en outros espazos. Na actualidade confórmase por zona de xestión e préstamo, de lectura informal e en pequeno grupo, traballo en gran grupo, espazo creativo, recuncho informático cun ordenador e tamén existe en cada aula unha biblioteca cos recursos adaptados (nivel lector, temáticas relacionadas coas pequenas investigacións que realizan...) ao grupo concreto desa titoría. Este ano escolar non se facilitará o espazo para as familias, nin o servizo bibliopatio.

### 2.3.2. Materiais.

Cóntase con libros informativos e de ficción, os cales non compren a porcentaxe aconsellada de 40% ficción e 60% informativos. De xeito que neste curso vaise intentar compensar esas porcentaxes. En relación aos recursos audiovisuais, os dvd están desactualizados, de aí que vaimos actualizar estes materiais. Tamén se vai mercar un portátil e unha tableta.

### 2.3.3. Persoais.

Os recursos persoais abranguen á responsable da biblioteca e o equipo de apoio, o cal se conforma por profesorado dos distintos niveis educativos. Dito equipo colabora xunto coa responsable de biblioteca para renovar e actualizar a biblioteca, recompilar novos recursos que favorezan as finalidades que temos establecidas, elaborar actividades, etc. Este curso non vai haber grupo de voluntariado para respectar os grupos burbulla.

### 2.3.4. Temporais.

A biblioteca escolar abre todos os recreos da mañá de luns a venres. Neste curso, por causa da corentena dos materiais e a desinfección do espazo, só estará aberta nos recreos de mañá a biblioteca. haberá recreos de mañá e os recreos do mediodía de martes, mércores e xoves.

## 2.4. FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO.

Ante a nova necesidade que hai no centro, a actualización da biblioteca escolar, propónse un grupo de traballo para formarse e dar resposta a este recurso. O curso anterior, estivemos aprendendo sobre o Meiga e a respectiva catalogación de libros, a clasificación mediante a Clasificación Decimal Universal (CDU)... Neste curso pretendemos aprender sobre a competencia ALFIN, o espazo creativo...

## 3. OBXECTIVOS.

### 3.1. XERAIS.

- Achegarse ao novo concepto de biblioteca escolar.
- Informatizar os recursos da biblioteca no Meiga.
- Realizar o expurgo do material informativo.
- Clasificar os materiais segundo a CDU.

- Promover unha biblioteca inclusiva.
- Favorecer a formación no profesorado en relación ás bibliotecas escolares
- Promover a creación de novos espazos e seccións que favorezan a calidade da biblioteca escolar.
- Impulsar actividades que motive á comunidade educativa a achegarse á biblioteca.
- Fomentar o hábito lector para espertar, crear e desenvolver a comprensión da cultura e coñecemento.
- Desenvolver a imaxinación, a creatividade e a capacidade lectora autónoma.
- Afianzar hábitos de coidado e respecto polos recursos atopados na biblioteca.
- Favorecer a alfabetización múltiple.
- Diseñar actividades que favorezan o desenvolvemento das competencias clave.
- Realizar actividades lectoras incluídas dentro do traballo diario da aula e que abrangan todas as áreas.
- Favorecer a realización de traballos ou talleres que desenvolvan a creatividade e a imaxinación.
- Desenvolver actividades de animación á lectura.
- Aproveitar os recursos da biblioteca.
- Impulsar a formación de usuarios.
- Fomentar a investigación.

### 3.2. ESPECÍFICOS PARA EP.

- Afianzar e consolidar a aprendizaxe lectora.
- Estimular o pracer pola lectura auditiva.
- Familiarizarse na lectura e interpretación de imaxes.
- Ser capaz de contar ou resumir o escoitado ou lido.
- Crear diferentes textos literarios de xeito individual, colectivo ou pequeno grupo.
- Promover o desenvolvemento da escritura creativa.
- Fomentar o traballo en grupo.
- Favorecer un ambiente que axude o incremento da creatividade.

### 3.3. ESPECÍFICOS PARA EI.

- Favorecer a creatividade e a imaxinación.
- Estimular a habilidade visual.
- Espertar o interese polos libros.
- Motivar ó alumnado para que sinte interesante a biblioteca escolar.
- Iniciar a aprendizaxe lectora.
- Ler e interpretar pictogramas e imaxes.
- Ordenar de xeito secuencial viñetas relacionadas cun conto.
- Contar detalles dos contos e memorizar poemas.
- Representar o argumento do conto ou dalgunha secuencia, a través da expresión corporal e oral.

## 4. ACTUACIÓNS A REALIZAR.

### 4.1. EN RELACIÓN Á ACTUALIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

- *Seguir coa catalogación* dos recursos.
- *Solicitud de liña* de traballo “biblioteca escolar” dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado..
- *Adquirir recursos* relacionados coa *biblioteca inclusiva* (xogos, libros...).
- *Actualizar recursos audiovisuais.*
- *Compensar* a porcentaxe 40% de libros de *ficción* e 60% de libros *informativos.*
- Organizar unha biblioteca con *mobles máis móbiles.*
- Incluir *novos recursos tecnolóxicos.*

### 4.2. ACTIVIDADES.

- *Andeis temáticos.* Crearase un estante de recomendacións que vai ir cambiando de libros segundo a temática do momento.
- *Hora de ler.* Cada aula terá 30 minutos de lectura diarios. Cada mestre/a poderá realizalo no momento do día que máis oportuno lle pareza.
- *Caixa dos contos.* Cada aula terá unha caixa con material informativo da biblioteca. Cada titor/a poderá coller 25 libros a incluír nesa caixa que visitará as aulas. Poden ir cambiándose os recursos por trimestres.

- *Préstamo para educación infantil e primaria.* O alumnado de educación infantil terá un día en concreto para coller un conto para a súa casa. En canto ao alumnado de educación primaria terá acceso ao préstamo todos os días da semana no horario do recreo.
- *Celebración do día das bibliotecas 24 de outubro.*
- *Celebración do día do libros o 23 de abril.*
- *Traballo do “mes da ciencia en galego nas bibliotecas” en novembro.* Farase un estante temático relacionado coa ciencia na primeira quincena do mes, e facilitaráselle ás aulas un symbaloo con enlaces con experimentos. Cada aula debe escoller un, facelo e logo facer unha redacción en grande grupo para explicar os pasos que se deben seguir, ademais de acompañalo de imaxes ou debuxos.
- *Lecturas trimestrais co respectivo encontro con escritores/as.*
- *Difusión de recursos da biblioteca e recomendacións* nos andeis temáticos, en trípticos, a través da web...
- *Formación de usuarios.* Realizar actividades que axuden a toda a comunidade educativa a formarse nos distintos aspectos relacionados coa biblioteca.

## 5. AVALIACIÓN.

O seguimento e avaliación do PLC considerase un elemento esencial porque permite a valoración do grao de consecución dos obxectivos propostos, e a respectiva realización de propostas de mellora.

Os momentos nos que realiza a avaliación son tres:

- *Inicial:* a partir dos datos obtidos ao comezo de curso concretaranse os obxectivos que se pretenden acadar ao longo do curso.
- *Continua e formativa:* a realizar durante todo o curso co fin de ir axustando os obxectivos as actuacións previstas, ás necesidades e demandas concretas do centro.
- *Final:* tras aplicar o actual PLC e o Plan Anual de Lectura avaliarase as súas debilidades, fortalezas, éxitos, fracasos, eivas... Para a partir de aí concretar as propostas de mellora para o curso escolar seguinte.

Os aspectos a avaliar serán a propia actuación da responsable de biblioteca e o equipo de apoio, as actividades realizadas e as dificultades atopadas, a metodoloxía empregada, as actitudes e motivacións do



profesorado e do alumnado, a idoneidade das propostas levadas a cabo e a temporalidade das diferentes actuacións.

## 6. REFERENCIAS LEXISLATIVAS.

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 2 de abril do 2019 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade desta consellería para o curso 2019/20.

Plan Lía 2016 – 2020 de Bibliotecas Escolares. Xunta de Galicia.